


# Galicia Pode



## Índice

### ✓ Preámbulo

### ✓ Bloque I. Obxectivos políticos en Galicia

#### ○ Título 1 Principios Políticos


- Capítulo 1. Podemos Galicia no contexto político actual
- Capítulo 2. Liñas xerais de actuación: transparencia, participación e democracia
- Capítulo 3. A política en Galicia
  - Capítulo 3.1 Poboación
  - Capítulo 3.2 Educación
  - Capítulo 3.3 Sanidade
  - Capítulo 3.4 Benestar
  - Capítulo 3.5 Medio Ambiente
  - Capítulo 3.6 Patrimonio
  - Capítulo 3.7 Industria e Comercio
  - Capítulo 3.8 Medio Rural, Agrario e Gandeiro
  - Capítulo 3.9 Pesca e Marisqueo
  - Capítulo 3.10 Turismo
  - Capítulo 3.11 Xuventude
  - Capítulo 3.12 Relacións Internacionais




### ✓ Bloque II. Modelo Organizativo para Galicia

#### ○ Título 1 Órganos Autonómicos

- Capítulo 1 A Asemblea Cidadá
  - Artigo 1. Definición
  - Artigo 2. Obxecto
  - Artigo 3. Competencias exclusivas e intransferibles das Asembleas Cidadás Territoriais
  - Artigo 4. Mecanismos para convocar as Asembleas Cidadás
  - Artigo 5. Asemblea Cidadá Autonómica
  - Artigo 6. Requisitos extraordinarios para os procedementos decisorios da Asemblea Cidadá Autonómica
- Capítulo 2 O Consello Cidadá Autonómico
  - Artigo 7. Composición do Concello Cidadá Autonómico
  - Artigo 8. Competencias do Concello Cidadá
  - Artigo 9. Mecanismos para convocar o Consello Cidadá Autonómico
  - Artigo 10. Funcionamento do Consello Cidadá Autonómico
  - Artigo 11. Elección do Concello Cidadá Autonómico
- Capítulo III A Secretaría Xeral Autonómica
  - Artigo 12. Competencias
  - Artigo 13. Elección do Secretario/a Xeral
  - Artigo 14. Consello de Coordinación
- Capítulo IV Órganos Intermedios en Galicia. As Deputación



- **Título 2. Círculos Sectoriais**
  - **Capítulo 1. Obxecto**
    - Artigo 15. O ámbito autonómico do principio de non duplicidade entre círculos
    - Artigo 16. Definición
  - **Capítulo 2. Competencias**
    - Artigo 17. Convocar consultas as Asembleas Cidadás
    - Artigo 18. Convocar Debates temáticos nos concellos cidadás
- **Título 3. Outros Círculos Territoriais**
  - Artigo 19. Os Comarcais
  - Artigo 20. Os Provinciais



## Preámbulo

Galicia vive una situación dramática, consecuencia de políticas que miraron máis a perpetuarse no poder que de favorecer a participación dos galegos nas decisións do seu futuro. Dita situación se deixa ver nun desequilibrio poboacional tanto no espazo ( abandono do rural) como de idade da poboación ( un dos maiores desequilibrios de Europa e do mundo). Nos pensamos que ese equilibrio pasa por facer políticas de mellora na vida rural, de acadar unha Educación Pública e unha Sanidade Pública. Son numerosos os exemplos das políticas de tipo caciquil espalladas por toda a xeografía de Galicia.

Perdéronse nos últimos anos orzamentos de máis de 4.000 M€ a pesares de ser una rexión Europea con prioridade de desenvolvemento. Os fondos Europeos úsanse para renegociar políticas que non favorecen nin melloran o grado de dispersión, nin promoven una sociedade máis paritaria e xusta para tod@s. A interferencia do poder nos sistemas produtivos, no clientelismo, en favorecer os “ chiringuitos” en reparticións tanto a nivel económico, social, sanitario, cultural, fan que as axudas dos fondos se queden tapando os furados e favorecendo o amiguismo, sen reparar os xa de lenda, desequilibrios no PIB dos menos favorecidos.

Por enriba, e coa escusa da crise, estes desequilibrios están a ocasionar unha emigración máis intensa da xuventude. Cando na nosa terra nunca houbo xuventude tan ben preparada para afrontar o futuro.

“A loita nobre e leal das ideas é o que asegura o progreso” (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao)  
Seguindo as ensinanzas do mestre, nos xuntamos na nosa candidatura as persoas que creemos poden loitar para que en Galicia se cambie a forma de facer Política, e entre tod@s poidamos chegar . Como dí o noso himno: Os tempos son chegados / dos bardos das idades/ que as vosas vaguidades/ cumprido fin terán.

## Galicia Pode!



# Bloque I. Obxectivos políticos en Galicia

## Titulo 1. Principios Políticos

### Capítulo 1. Podemos Galicia no contexto político actual.

A crise que está atravesando o Estado Español, pola perda da lexitimidade das súas elites políticas, tanto no sistema político, como no institucional, (agora chamada crise do 1978), ten relevada importancia en Galicia, Comunidade Autónoma con larga tradición de Gobiernos do Partido Popular.

Estes gobernos, afamados polas súas políticas de tipo caciquil e favoritismos, están a desfacer un sistema político, formado por unha elite con unha moralidade descomposta, que impregna todo o mapa galego de casos de corrupción. Algo que demostra, que non son accións illadas, senón que se corresponden a unha forma de facer política.

No ano 2005, os Galegos e Galegas, cansos das políticas do Partido Popular, déronlle un voto de confianza a un bipartito, formado polo PSOE e o BNG. O resultado foi que non houbo cambios importantes nas políticas levadas a cabo, o que rematou de desencantar os galegos e galegas, que viron como Galicia só a utilizan para medrar politicamente dentro do Estado Español, e é así como os intereses galegos pasan a ser moeda de cambio para firmar acordos a nivel Estatal e Europeo, deixándonos os galegos e galegas en situación de total indefensión.

En unha Galicia onde a elite política dedícase a facer obras faraónicas como "O Gaiás", hiperportos, AVE, ... , obras como parques onde non hai nenos, universidades que non dan resposta as necesidades galegas,..., creando redes clientelares, sempre a conta dos recortes en Sanidade ou Educación, e para favorecer os intereses bancarios, abandónase as verdadeiras necesidades da poboación.

Os datos falan por si solos. Unha poboación activa de tan só un 57.5%, e un 20.7% de paro de media, pero con poboación de picos moito máis elevados. O máis preocupante é a taxa de paro xuvenil, que chega o 45.4%. En total, un 23.7% da poboación está en resgo de probeza. Cifras que reforzan a necesidade de prestacións para manter as condicións de benestar social. A renda e produtividade laboral, son inferiores a media estatal e comunitaria, e confirma a tendencia regresiva dos últimos anos.

O rural abandonado precisa políticas que axuden a unha produción ecolóxica e demandada, non a de especulación para a construción de casas para algunha elite. A riqueza das nosas costas requiren axudas para a súa limpeza, políticas pesqueiras que beneficien e pensen nos nosos pescadores, non só o resto de Europa. Tamén a nosa agricultura e gandería precisa o apoio necesario para crecer e manter un sector tan importante para a nosa economía.

A falta de axudas para a industrialización, para I+D+I (a inversión en I+D é claramente inferior a media estatal e comunitaria), axudas económicas para desempregados, para pais e nais,... todo isto provoca unha gran crise demográfica en Galicia.

Esta crise, comezou moito antes da crise Estatal, e a nula actuación sobre o tema, levounos a un agravamento da crise xa existente, que nos leva a perda dunha media de 44 persoas o día en Galicia. Isto provocará, se non o afrontamos antes, a que en 10 anos, haberá nesta

comunidade autónoma o dobre de xubilados que de nenos menores de 16 anos. A isto súmase a previsión da baixada de natalidade do INE, que é dun 26%.

A visión actual da sociedade Galega precisa unha análise realista dos problemas actuais e a intención real de cambiala. Para que iso pase temos que apostar pola rexeneración da clase política deste país.

## Capítulo 2. Liñas xerais de actuación: transparencia, participación e democracia.

PODEMOS é a plataforma cidadán que aspira a ser a ferramenta necesaria para o cambio político deste país. Aínda que os éxitos a día de hoxe foron moitos, o verdadeiro éxito en Galicia está aínda por chegar. Esta comunidade, con longa tradición de gobernos do PP ten a necesidade máxima de acadar o control democrático das nosas institucións, e so cuns principios organizativos e políticos fortes, se pode acadar o éxito.

Para iso dispoñemos dos sinais de identidade que nos trouxeron ata aquí: apostar pola participación cidadán, o compromiso coa transparencia e as contas claras. E todo isto, cunha gran exigencia de control democrático.

### Participación

A participación cidadá constitúe unha das principais sinais de identidade de PODEMOS. A aposta pola participación e a Democracia. Sen participación é difícil falar de democracia, polo que acadar a máxima participación posible, é un dos maiores retos o que nos enfrentamos.

O reto da participación é inédito na historia política do noso país. O desenvolvemento de espazos participativos é o núcleo fundamental do partido. Unha participación de calquera cidadán, sen barreiras, sen distancias.

Xa está posta en marcha a “PLAZAGALICIA”, o espazo de debate e deliberación, onde se fabrican as ideas e os proxectos, onde todos decidimos acerca do que importa.

Deberase fomentar o uso das ferramentas que temos o alcance, xa sexa Loomio ou Appgree.

O Banco de Talentos é a ferramenta para que calquera persoa poida participar activamente no partido, que permitirá reforzar os equipos con persoas especialistas de cada área.

Os equipos de participación territorial serán básicos en Galicia, pola súa xeografía, para romper a brecha tecnolóxica, de forma que poidamos levar aos círculos territoriais todos os debates que se están a producir nos distintos espazos de participación e deliberación, e viceversa. Todo o que se produza nos círculos chegue alto e claro as redes e a rúa.

### Transparencia e Independencia Financeira

A transparencia e a independencia económica son parte do ADN de PODEMOS.

Asumimos o compromiso de que as nosas contas serán públicas e facilmente accesibles. A rendición de contas será de forma obrigatoria cada 6 meses.

Garantimos a nosa independencia financeira, sen endebedamento coa banca, nin grandes doazóns de persoas e empresas, que poidan condicionar o noso discurso e hipotecar as nosas propostas. Para iso, confiamos no respaldo de moitos PODEMOS, para acabar co saqueo de uns poucos.

### Control Democrático

Os representantes políticos son servidores públicos que asumen un contrato cos seus electores e a cidadanía para traballar no ben común.

Apostamos firmemente pola transparencia e a rendición de contas de todos os cargos públicos, polo que fomentaremos o control destas actividades coas ferramentas precisas para levalo a cabo.

Defendemos que a actividade parlamentaria de calquera cargo público debe ser de fácil acceso e visualización para toda a cidadanía, así como a súa retribución económica e o seu patrimonio. Por iso, aparte das intervencións o as votacións, se incluírá o salario e o destino da parte que doe, o uso das asignacións públicas, a declaración de bens e a situación das contas bancarias. Así garantimos que os nosos representantes non utilizan o cargo público para acadar un lucro privado.

A correcta e completa exposición da nosa actividade pública é, aparte dunha promesa electoral, unha condición necesaria para asegurar que os representantes electos traballan para e por a cidadanía.

### **Capítulo 3 A política en Galicia**

O Estatuto de Autonomía en Galicia, fírmase en 1981, dando o estatus de Comunidade Autónoma dentro de España e dotando de certa independencia do goberno central.

Divídese en catro provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), 53 comarcas e 341 municipios.

Os poderes desta comunidade constan dun Parlamento Galego, con potestade lexislativa, que o compoñen 75 deputados elixidos por sufraxio universal e pola vía de representación proporcional de habitantes, e unha Xunta de Galicia, con potestade executiva e administrativa.

A Xunta de Galicia está representada polo presidente, o vicepresidente e 12 conselleiros.

Galicia conta con dous idiomas oficiais, o galego e o castelán. Historicamente, o Galego foi e segue sendo unha lingua atacada e menosprezada, polo que temos a obriga, como Galegos e Galegas, de defendela e utilizala, como fonte de cultura e riqueza social propia.

A Xunta de Galicia, actualmente divídese en 8 Consellerías:

- Vicepresidencia e Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Facenda
- Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Economía e Industria
- Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Sanidade, Traballo e Benestar
- Medio Rural e do Mar

As políticas en Galicia, practicada polos partidos do réxime do 78, son unha continua perda de dereitos, moedas de cambio para chegar a acordos, que nunca nos favorecen, co estado central e particularmente con Europa. É un sistema corrupto, e illado no seu conxunto da cidadanía. Queda un longo recorrido para acadar un cambio beneficioso para a cidadanía galega, pero entre todos xuntos podemos facelo posíbel.

## Capítulo 3.1 Poboación

### A crise demográfica en Galicia

No pasado século XX, e como consecuencia da revolución demográfica que aconteceu, a poboación española e galega experimentaron un considerable crecemento. Pero xa dende as últimas décadas o crecemento natural ou vexetativo comezou a ser moi baixo.

Na actualidade estamos nun **réxime demográfico moderno**, que caracterízase polo descenso das taxas de natalidade e de mortalidade e un crecemento natural baixo.

A poboación española experimentou unha evolución similar á dos países de Europa occidental, aínda que un pouco máis tarde. É a partir de 1975 cando hai unha recesión do crecemento pola diminución dos nacementos, polo que aumenta a proporción da poboación adulta e vella sobre a poboación nova.

Entre as causas da redución da natalidade está o cambio na mentalidade da sociedade que experimentou co inicio da transición democrática. A influencia da Igrexa católica diminuíu e difundíronse os métodos anticonceptivos. Así como a incorporación progresiva da muller ao mundo do traballo fóra da casa, co resultado dunha dificultade engadida que é a de compaxinar a vida laboral e familiar. Tamén favoreceu a redución do número de fillos e fillas o elevado custo do seu mantemento, da súa educación e que se poidan ter atendidos convenientemente.

En canto á poboación galega poden apreciarse algunhas diferenzas, xa que é a partir de 1950 cando a poboación experimentou un crecemento moi baixo, sendo incluso negativo nalgúns zonas, e esta tendencia continúa na actualidade.

A redución da natalidade e da mortalidade, unido ao aumento da esperanza de vida, indica unha escasa vitalidade que se manifesta no progresivo aumento da poboación adulta e vella.

Dende hai algunhas décadas en Galicia temos un crecemento vexetativo negativo, isto é que nacen menos persoas das que falecen. Aínda que este saldo negativo está compensado coa chegada de inmigrantes do exterior, emigrantes galegos e retornados (descendentes de emigrantes). A situación en Galicia é de estancamento. Soamente as provincias de Pontevedra e A Coruña aumentaron a súa poboación. Un dato curioso é que en 1910 a poboación censada en Galicia era de 2.231.753 habitantes e un século despois, en 2010, era de 2.797.653. O aumento foi tan só de 565.900 habitantes.

Como conclusión aos datos vemos un **avellentamento** da nosa poboación. Cunhas taxas de natalidade e fecundidade das máis baixas non só de Europa, senón tamén do mundo, aínda que tamén temos un dos índices máis elevados de esperanza de vida que está nos 81,6 anos (85,2 para as mulleres e 78,1 para os homes), así temos unha elevada porcentaxe de persoas maiores de 65 anos ( 22,15% en 2010). Pero esta situación non é igual en toda Galicia. Ourense e Lugo rexistran os maiores índices de avellentamento, cun 28,7% e 27,7%, sendo aínda maior nas comarcas do interior que poden superar o 40%. Na Coruña e Pontevedra, rexistran un 21% e 18,8%, e as súas comarcas costeiras que poden baixar do 15%. Así forman parte do noso día a día uns problemas que esixen atencións específicas a estas persoas maiores e que deben abordarse tanto no plano familiar como no social. A isto hai que engadir outro problema que é a **dispersión** da poboación e o número tan elevado de persoas soas destas idades que viven no ámbito rural. Son necesarios moitos esforzos tanto dos familiares como das autoridades competentes xa que hai que prestarlles unha atención axeitada.



Como **solucións** que hai que aportar a estas persoas maiores que non poden valerse por si mesmas e necesitan coidados diarios, todos nós debemos facer un esforzo e priorizar as axudas da administración para que as familias podan atender axeitadamente aos seus maiores cunha asistencia a domicilio de coidadores, persoal sanitario, prazas en residencias...xa que as veces a familia por cuestións laborais non pode facelo.

Dado que coa idade as enfermidades de resgo poden estar máis presentes, debemos coidar do noso sistema de saúde e saber a importancia que ten o persoal sanitario, o persoal que atende e está ao coidado das persoas maiores, desenvolver axeitadamente os programas sanitarios e sociais de asistencia domiciliaria, fixando unha boa cantidade dos orzamentos para todo isto que consideramos tan necesario.

En canto á **distribución** da poboación en Galicia hai que destacar a atracción dos núcleos urbanos e das zonas costeiras, é aquí onde se rexistran as maiores densidades, o chamado **Eixo Urbano Atlántico**. Son as cidades as que ofrecen maiores posibilidades de encontrar traballo, de aí que sexan focos de atracción. O sector industrial e o de servizos destes núcleos urbanos son os que ofrecen máis posibilidades laborais, de aí que teñamos un éxodo rural dependente das actividades agrarias, porque é a cidade a que pode verse como a oportunidade de mellora das condicións de vida. Temos sete grandes cidades na actualidade: Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra, que xunto coas vilas son focos de atracción dunha poboación rural polas actividades económicas que ofrecen. As zonas costeiras ofrecen tamén máis posibilidades e a poboación que normalmente vive da pesca, o comercio e o turismo deben ter maiores garantías e facilidades para que poidan seguir coas súas formas de vida.

Dúas son as **áreas xeográficas** que destacan: a primeira é o Golfo Ártabro, formado polas rías de Ferrol, Pontedeume, Betanzos e A Coruña e a segunda é as Rías Baixas, con Vigo e Pontevedra, especialmente. A nosa capital, Santiago de Compostela, é unha cidade histórica que presenta tamén elevadas densidades. Xa no interior, destaca Ourense e, en menor medida, Lugo, sobre o conxunto das provincias.

Outro dos problemas que poden apreciarse no conxunto da poboación galega é o da **emigración** que fixo en Galicia unha enorme perda e todos nós cremos que debemos facer un gran esforzo para que isto non volva a suceder. Xa desde a emigración a América que iniciouse a mediados do século XIX, continuou coa emigración a Europa despois da segunda Guerra Mundial ata os inicios dos 70. A emigración galega no exterior continúa sendo moi importante. Segundo os datos do INE de 2010, residían no estranxeiro 401.068 persoas inscritas en Galicia. **6,9 de cada 10 emigrantes que saen de España son galegos.**

Tamén hai que facer constar que a **inmigración** en Galicia non ten moita repercusión. No 2010 había 109.670 inmigrantes empadroados, o 3,9% da poboación inmigrante no conxunto de España. Os destinos preferidos son A Coruña e Pontevedra, cun 35,5% e un 36,2%. Así como en Lugo e Ourense as cifras descenden bastante, cun 12,9% e un 15,2%.

Como **conclusións** e dada a situación actual da natalidade consideramos que é un problema de primeira orde xa que ameaza a prosperidade, polo tanto o desenvolvemento da economía. Debemos fomentar as políticas de apoio á natalidade e para iso deberanse facer unhas políticas de emprego axeitadas. Nós somos partidarios dunhas políticas de emprego nos sectores tradicionais como pode ser a pesca ou o rural e dar máis peso á política municipal de cara ao emprego, por exemplo creando escolas de oficios artesanais. Hai que dar axudas reais

ás familias, axudas directas, por fillos nados ou adoptados. Temos que adoptar novas políticas para incentivar os nacementos dunha maneira axeitada, promovendo a natalidade cunha ampliación de incentivos económicos para que aumente a taxa de fecundidade. Debe ser con axudas directas,. Débense crear máis prazas de garderías públicas e garderías nas empresas. Pensamos que sería moi beneficioso que a xornada laboral fose continua na maior parte das empresas. Debería crearse unha Consellería especializada, cun departamento para o fomento da natalidade. Consideramos que tamén sería positiva a bonificación de cada nacemento con carácter universal.

Hai que invertir no fomento da natalidade e tamén fomentar o reingreso na vida laboral de mulleres que foron nais.

Debemos apoiar totalmente este tipo de políticas porque serán as únicas que podan favorecer unha renovación xeracional senón queremos que non exista ese relevo tan necesario para Galicia.

### Capítulo 3.2 Educación

A Educación en Galicia

A Educación gratuíta, universal e de calidade, é un dereito na Declaración de dereitos humanos.

Partindo desta premisa, podemos dicir que nos queda moito camiño por recorrer para lograr este obxectivo, unha educación que loite para lograr unha auténtica igualdade de oportunidades.

A Educación é a ferramenta para facer a cidadanía libre e autónoma, unha cidadanía con capacidade crítica que constrúa unha sociedade mellor, máis solidaria e libre.

En Galicia, a Educación Pública está sendo castigada especialmente. Os recortes dos últimos anos na educación pública, para aumentar as subvención da educación privada, elitista, que sesga por sexo, favorece as escolas católicas, ... A todo isto se engade unha campaña de desprestixio do profesorado. Isto demostra un panorama demoledor, o camiño que levan para a educación os partidos políticos do réxime do 78.

A educación ten que ser un dos piares de Podemos en Galicia, unha defensa férrea da educación pública.

Acatamos e defendemos na súa totalidade a resolución "Defender a Educación Pública, noso dereito e non o seu negocio", e pensando nas particulares condicións da Educación Pública en Galicia, pasamos a relatar os aspectos a potenciar dende a nosa posición:

Deberemos:

- ✓ Devolver o prestixio social dos mestres e mestras públicos, perdido nos últimos anos, defendendo e mellorando tanto a súa formación, como o sistema de acceso á docencia e a formación continua, xa que estes son aspectos que se deben mellorar e garantir.
- ✓ Garantir un número suficiente de docentes, xa que os últimos anos de continuos recortes mermaron substancialmente o número de profesorado, o que sen lugar a dúbidas prexudica e dificulta enormemente a labor dos claustros e a atención ao alumnado máis desfavorecido e con máis necesidades.

- ✓ Apostar pola educación universal e gratuíta no seu sentido máis amplo, cun sistema xusto e equitativo de gratuidade de materiais e recursos didácticos, moi diferente ao sistema totalmente insuficiente e inxusto dos últimos anos.
- ✓ Garantir a coordinación entre as universidades e os centros educativos. Ámbolos dous sectores deberían seguir un mesmo camiño, onde houbera unha auténtica coordinación e comunicación entre as universidades e a realidade das aulas.
- ✓ Deixar de vincular á formación continua do profesorado a meras retribucións económicas, deseñando e levando á práctica un auténtico mecanismo de reciclaxe a actualización permanente dos nosos docentes. A sociedade cambia moi rápido, e as nosas escolas, institutos, universidades,...teñen que facelo cando a ela....
- ✓ Apoiar as clases sociais menos favorecidas. A educación ten que ser compensadora das desigualdades sociais. O sistema educativo actual potencia a competitividade entre alumnos/as, algo que deberemos cambiar, e fomentar a aprendizaxe cooperativa, que logrará unha sociedade máis avanzada e xusta.
- ✓ Apoio total e explícito ao alumnado con discapacidades ou necesidades específicas de apoio educativo. Estes casos requiren máis recursos, menos ratio por aula, máis formación dos docentes, equipos multidisciplinares, coordinación con servizos externos,...

### Capítulo 3.3 Sanidade

Desde Galicia Pode creemos na Sanidade Pública para tod@s. Tal e como se aprobou na Asamblea "Si Se Puede", "POR EL DERECHO A LA SALUD: SANIDAD PÚBLICA DE TOD@S PARA TOD@S"

Os problemas da Saúde en Galicia agrávanse coa dispersión da Poboación. En vez de acercar os servizos a totalidade da poboación a política destes últimos anos foi facer grandes moles hospitalarias que consumen no seu mantemento practicamente todo o presuposto. Para evitaren iso propoñemos Áreas mellor dotadas na asistencia Ambulatoria, e máis preto do doente.

Os servizos de urxencias convertéronse na salvagarda do sistema ao non funcionar as zonas adicadas a asistencia próxima. Como resposta desta mala xestión temos os resultados actuais: saturación en urxencias, copago, rebote dos doentes a centros concertados, aumento dos servizos parellos relacionados coas privadas, listas de espera inabordabeis...

Galicia move un presuposto de 3.410 M€ nos orzamentos de Saúde. Iso da una media de 1240 € por habitante e ano, que terían que ser máis que suficientes para dar resposta a os problemas.

A xestión das Áreas sanitarias convertéronse en cargos políticos que son usados para medrar politicamente. Lonxe de estar coordinadas por profesionais con experiencia, que sería a maneira de corrixir estes problemas.

Os concertos coas privadas son cada vez maiores e con máis peso orzamentario, a pesares de que a privada cando non sabe resolver os problemas envía a urxencias de forma "preferente" aos seus doentes. Isto conduce as persoas a usaren os servizos de urxencia como primeira atención o que conduce a un colapso que se repite ano tras ano.

Toda a Oncoloxía de Galicia está dirixida a un Centro que pertence a una fundación e que está concertado co Sergas. Cando o sistema debería de ter o seus propios centros oncolóxicos, isto non é así, o que supón una merma importante do presuposto que a súa vez inverte en grandes hospitais que se saturan xa antes de terminar de estar adaptados.

Polo tanto a nosa proposta vai dirixida a profesionalizar a Xestión, abandono dos postos políticos na mesma, acercamento a xestión ambulatoria e domiciliaria, suprimir o copago, favorecer que as farmacias rurais sexan públicas con persoal público de oposición, favorecer medidas que eviten longos traslados dos doentes, aumento das inversións en I+D+i, crear un banco de datos para investigar as enfermidades que máis afectan en Galicia; evitar casos como a Hepatite C e que os doentes teñan acceso ao tratamento, acabar cos institutos de apoio que son máis un instrumento político que sanitario, usar aos profesionais para facer una mellora da asistencia, acabar cos privilexios de persoas que usan a privada para derivar aos centros públicos, evitar acinamentos que so provocan infeccións hospitalarias, aumentar a educación sanitaria da poboación, evitar saída de profesionais a outros países, integración dos profesionais de enfermaría na toma de decisións de xestión, lograr converxer cos sistemas de xestión social e os sanitarios na asistencia domiciliaria, promover e protexer a saúde pública como o mellor medio da prevención e a eficacia na xestión.

#### Capítulo 3.4 Benestar social

Debemos defender a Declaración Universal de Dereitos Humanos para facela o noso sinal e bandeira. A prioridade máxima, debe ser acadar o benestar social completo da sociedade en que vivimos. A crise na que nos atopamos, cebouse duramente coa poboación de clase baixa, e clase media, o que provocou, que o número de persoas en perigo de exclusión social, e na exclusión social propiamente dita, aumentara de forma importante e rápida. O primeiro paso, é acadar que todas as persoas teñan onde durmir e alimentos para comer.

Rematar coa lacra dos desafiuzamentos é de vital importancia. As reformas das leis hipotecarias, xa declaradas ilegais no marco da Unión Europea, darían unha volta completa a esta situación, o que permitiría máis seguridade para dedicar máis recursos para asegurar outras necesidades básicas.

Debemos recoñecer, que estes anos de crise, foron e seguen sendo, as entidades sociais, as que permitiron soportar a situación de emerxencia que moitas persoas viviron. Temos que acadar que a responsabilidade do benestar social básico, sexa das administracións públicas, e que has entidades sociais sexan un complemento, non a prioridade. Os gobernos teñen a obriga de mirar por todos os seus cidadáns.

Hai que acelerar o acceso as axudas para as persoas que o precisen, aumentalas e acadar un programa completo de cursos formativos, axudas psicolóxicas, programas de emprego,..., para que toda persoa en exclusión social acaden integrarse social e animicamente desempeñando un traballo digno, seguida en todo momento, polas áreas de benestar sociais, baixo un rigoroso, onde non existan discriminacións de ningún tipo.

É unha obriga de todos nós acadar unha sociedade xusta e digna para todas as persoas.

Dúas áreas específicas requiren unha atención especializada, os nosos maiores, e a muller.

O coidado dos nosos maiores, ten relevada importancia en Galicia, onde a poboación é a máis envellecida de todas as CCAA. Debemos fomentar os centros para maiores públicos, onde os

coidados sexan excelentes con prezos adecuados a cada renda. A creación de áreas de desenvolvemento funcional, permitirían a mellora psicolóxica, permitindo seguir sentíndose útiles na sociedade.

A área da muller, preséntanos uns datos que nos fan ver que o avance pola integración da muller o mundo laboral, que os malos tratos, os acosos,... manteñen un estancamento de porcentaxes. Isto significa que as políticas relativas a estes temas, ou non son suficientes, ou son erróneas. Non podemos deixar pasar mais tempo sen actuar de forma contundente para acabar coa lacra social do maltrato ou a auténtica integración da muller no mercado laboral nas mesmas condición que os homes.

A protección o menor ha de ser a maior posible, a protección se fará en tódolos campos posibles, dende a prevención do abuso e maltrato infantil, pasando por especial coidados a nenos de familias en perigo ou exclusión social, ou garantir os comedores escolares.

Debemos loitar contra a Xenofobia, Homofobia e o Racismo, como base para unha sociedade máis xusta.

Este panorama deixa claro a necesidade de mellorar os recursos desta área, e sobre todo, acadar que sexa unha área operativa, non administrativa. Debemos apostar por educadores sociais que traballen sobre o terreo para detectar os problemas e poder así erradicalos.

### Capítulo 3.5 Medio Ambiente

A Estratexia 2020, presentada pola Comisión Europea, ofrece unha visión do que será a economía social europea no século XXI. A estratexia mostra como a Unión Europea poderá saír reforzada da crise e transformarse nunha economía intelixente, sostible, e mesmo con niveis de emprego, cohesión social e produtividade elevados. E para iso propón tres prioridades que se reforzan mutuamente:

- **Crecedemento intelixente:** desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- **Crecedemento sostible:** promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- **Crecedemento integrador:** fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial.

A estratexia europea recolle que o crecedemento sostible significa construír unha economía que aproveite os recursos con eficacia, que sexa sostible e competitiva, que aproveite o liderado de Europa na carreira para desenvolver as tecnoloxías verdes, reforzando as vantaxes competitivas das nosas empresas. Este enfoque axudará á Galicia a prosperar nun mundo con poucas emisións de carbono e recursos limitados e ao mesmo tempo impedirá a degradación do medio, a perda de biodiversidade e un uso non sostible dos recursos.

Estes obxectivos tradúcense en tres campos de actuación concretos:

- **Competitividade:** Manter o liderado no mercado de tecnoloxías verdes como medio de garantir un uso eficaz dos recursos en toda a economía.
- **Loita contra o cambio climático:** reducir as emisións significativamente e con máis rapidez que no decenio anterior e explotar plenamente o potencial de novas tecnoloxías como a captura e almacenamento de carbono.

· **Energía limpa e eficaz:** Alcanzar os obxectivos dun 20% de xeración da enerxía a partir de fontes renovables, e do 20% de mellora da eficiencia enerxética,

O desenvolvemento dos obxectivos prevese a través das chamadas "Iniciativas emblemáticas" que recollen unha serie de medidas a adoptar en dous niveis, pola Comisión Europea, e polos Estados membros. Para a consecución da prioridade de crecemento sostible, a estratexia 2020 propón dúas iniciativas emblemáticas.

Por un lado, a iniciativa emblemática "Unha Europa que aproveite eficazmente os recursos" está relacionada cos obxectivos de enerxía e clima e céntrase en medidas para axudar a desligar crecemento económico e uso de recursos, reducindo as emisións de carbono da economía europea, incrementando o uso de enerxías renovables, modernizando o sector do transporte e promovendo un uso eficaz da enerxía.

Finalmente, a iniciativa emblemática "Unha política industrial para a era da mundialización", está relacionada co obxectivo da competitividade, e propón medidas para mellorar o ámbito empresarial, especialmente para as PEME, e apoiar o desenvolvemento dunha base industrial forte e sostible que poida competir mundialmente.

En Galicia a prioridade ecolóxica ten que xurdir sobre una base demográfica máis estable, xa que si hai perda de poboación en xeral, esta é moito máis acusada no contorno rural.

A participación dos labregos e gandeiros na política ambiental nunca se chegou a dar de forma eficaz.

O mesmo pasa coa pesca e os montes de man común.

Se ben a crise fai que esta situación sexa máis fonda, tamén ten que ser una oportunidade, por exemplo a produción ecolóxica non alcanzou os mercados coa eficacia que debería, nin os produtores teñen todos os coñecementos para atopar novos mercados que a pesares de ter demanda non chegan a acadar un camiño de forma de vida no rural galego.

A loita contra os incendios non é eficaz porque os investimentos sempre foron dirixidos a apagar o lume, e nunca para evitaren que se produzan. Nun campo abandonado cada vez máis, estas políticas non son eficaces, a pesares de investir practicamente 100 M€ cada ano.

A separación do lixo en orixe, a educación ambiental da poboación, os investimentos en enerxías limpas, o por os datos ao servizo da xente, a divulgación dos coñecementos científicos e a súa aplicación para a mellora do rendemento das explotacións agrarias, gandeiras e alimentarias son esenciais para chegar a que a vida no rural sexa atractiva para as xeracións de relevo.

Recuperar as rías con un saneamento integral, a "pegada da auga" como forma de mellorar as canles dos ríos e regatos da comunidade, favorecer os cultivos nos bancos marisqueiros, investir en novos usos de produtos intermedios e o seu ciclo de vida, reciclar sen contaminar, fomentar o turismo rural e nas cidades o turismo industrial, recuperar os patrimonios castrenses que ten numerosos exemplos espallados polo noso territorio e que están en total abandono, introducir de novo os mercados e feiras fronte as grandes superficies comerciais. son exemplos para facer que a innovación a tradición e a sostenibilidade non son incompatibles.

Podemos é unha nova forma de facer Política. E como non podía ser menos, no campo do Medio tamén, xa que é unha temática de especial sensibilidade e moitas veces descoñecemento. A isto súmase o afastamento dos partidos tradicionais, que en vez de solicitar datos sobre o estado do ámbito, o ocultan e non chega á cidadanía.

Neste sentido Podemos fará que os datos saian dos seus escondedoiros. Sacaraos á rúa e poñelos a disposición do público. Ademais colaborará e debater coa xente para mellorar a educación ambiental, facilitar a penetración social de novas políticas limpas, e facer que as empresas e instalacións locais melloren día a día.

Plans como os que se citan serán o foro para facer da nosa Galicia un exemplo de participación e mellora. Así se implantarán medidas de educación ambiental en todos os colexios e escolas. Sen a concienciación dos máis pequenos non hai futuro de mellora.

Tecer unha rede de control de datos tanto a nivel contaminación das Rías, como do aire, usos do chan, aplicación de tecnoloxías limpas no noso ámbito será un labor que terá que implicar a todos/ás. Iso xa existe nunha parte dos países que gozan dunha maior concienciación social en materia ambiental. Pero aquí as autoridades ambientais só aplicaron os datos para aumentar impostos ou recadar máis diñeiro. Trátase de facer todo o contrario. A mellor autoridade ambiental é a xente. Sen a súa colaboración ningunha política ambiental pode instalarse na realidade. Fagámolo. Moitos lugares en Europa implantaron o que se chama "Ciencia na rúa". É un xeito de que a rúa sexa unha aula de participación e demostración da aplicación de novas tecnoloxías. Podemos levará á rúa xornadas abertas para a observación do medio e contará con expertos para explicar o que cambia cando a xente está implicada en mellorar o noso contorno e aumentar a concienzación da sociedade galega.

### Capítulo 3.6 Patrimonio

Enténdese por Patrimonio ao conxunto de bens, valores e créditos que posúe una persoa ou institución. Nós teremos en conta neste documento o patrimonio cultural, como referente para a defensa do conxunto de testemuños que forman a herdanza cultural da sociedade e que son reflexo da identidade dos pobos, como o contorno, os costumes, as tradicións, a paisaxe, a arte ou a lingua. O concepto de patrimonio cultural depende dos valores compartidos pola sociedade, e da súa concepción dos bens que hai que protexer e conservar. Así, debemos considerar como parte do patrimonio cultural ós monumentos, entre os que hai obras arquitectónicas, esculturas, pinturas, restos arqueolóxicos; os conxuntos de construcións que teñan unha integración na paisaxe cun valor histórico, artístico ou científico, ou lugares feitos polo home ou naturais.

Temos que ser conscientes que debemos defender o noso patrimonio arquitectónico e histórico-artístico, xa que é todo o conxunto de obras arquitectónicas que pola súas características históricas, artísticas, urbanísticas ou etnolóxicas as que merecen estar protexidas, estudadas e conservadas para as xeracións futuras. Este conxunto de inmobles e obxectos de interese artístico, histórico, arqueolóxico ou científico deben quedar suxeitos a una lexislación especial co fin de que sexa conservada e garantida a súa protección.

Teremos en conta a lei existente na nosa comunidade de Patrimonio Cultural, Lei 8/1995, do 30 de outubro. Esta Lei do Patrimonio Cultural de Galicia é una norma necesaria en materia cultural para preservar, conservar, actualizar e difundir, e para que as persoas podan gozalo. Nós consideramos que esta lei quédase curta á hora de facela efectiva e debería ser máis contundente e de obrigatorio cumprimento cos que non a respectan, aínda que tamén reflecta sancións contra as agresións ao patrimonio. A lei parte dun concepto amplo do patrimonio

cultural, o patrimonio moble, patrimonio inmobile e patrimonio inmaterial de titularidade pública ou privada, e as manifestacións da nosa cultura tradicional e popular. No preámbulo desta lei, trátanse os precedentes legislativos orientados á protección e conservación do patrimonio histórico, desde a lei do 13 de maio de 1933 e relevada pola Constitución Española de 1978, onde se sinala a obriga de protexer e difundir o patrimonio histórico cunha responsabilidade en materia cultural. No 1981 co Estatuto de Autonomía de Galicia, permitíase aos poderes públicos o acceso á responsabilidade de conservar e acrecentar o seu patrimonio histórico. E coa lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, iníciase un novo camiño.

En Galicia temos un rico patrimonio cultural de recoñecido valor e que forma parte da cultura galega desde hai séculos. Na actualidade é coordinado nas actuacións en materia de patrimonio histórico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico desde a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, encargándose da protección, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago, da conservación e difusión das coleccións dos museos e das obras de conservación e restauración do patrimonio. Tamén é responsable da xestión das declaracións de bens de interese cultural, catalogación, inventario e informes sobre o mesmo.

O patrimonio cultural galego é rico, diverso e cunha extensión xeográfica que o vincula á paisaxe que o rodea. Desde os monumentos megalíticos como os dolmens, gravados rupestres e castros, os restos romanos, as súas obras de enxeñaría e infraestruturas, vías, faros, murallas, o itinerario cultural dos Camiños de Santiago de Compostela, coa súa Catedral como meta. Por todo o territorio galego temos construcións en pedra como igrexas, ermidas, mosteiros, catedrais, hospitais de peregrinos, muíños, hórreos, lavadoiros, fontes e cruceiros, máis temos tamén unha brillante cultura musical, literaria, teatral e outra cultura, a oral que mantén vivas as nosas costumes de séculos pasados, cunhas historias nas que a realidade e fantasía mestúranse. É a nosa cultura popular que foi transmitida ás xeracións pola memoria colectiva cunha lingua propia, que é a nosa herdanza, o galego.

Do século XVI temos a Universidade compostelá e do XVII os centros monásticos e unha espléndida arquitectura barroca tanto nas cidades, como nos pobos. E do século XIX, o rexurdimento da espléndida literatura, que marcou a influencia a toda a creación posterior. No século XX, durante a ditadura franquista, a cultura galega pasou por unha etapa moi difícil. Pero a partir dos anos 60 xurdiron novas iniciativas culturais en música, teatro, etc, incorporando xa linguaxes contemporáneas, cun amplo desenvolvemento na creación cultural, cunha grande profesionalización como acontece no mundo do audiovisual, editorial e musical.

Hoxe, na actualidade, a nosa cultura aséntase sobre unha base forte e consolidada e temos unha industria cultural e creativa, importante para o desenvolvemento económico e social do noso pobo. Debemos ter unha visión da cultura participativa, na que toda a sociedade poda ter un acceso, non só, aos bens culturais, senón que tamén hai que fomentar a produción cultural estimulando a oferta e a participación no mundo cultural, cuns programas de dinamización dentro das artes escénicas, musicais, do audiovisual, das artes plásticas, etc, sempre cunha liña de expansión cara ao exterior onde se publicite a nosa produción cultural propia.

Para xestionar a información do patrimonio cultural temos que implantar un sistema de información eficaz para integrar toda a información, documentación, conservación, difusión...



do patrimonio cultural para que poda chegar á persoa que o necesite no momento que o precise, e para iso pódese crear uns Centros de Documentación en Música, Artes Escénicas, Catálogo Xeral do Patrimonio, unha Biblioteca Virtual... Con isto preténdese recuperar todo o material musical creado e relacionado con Galicia en todas as súas formas: partituras, gravacións sonoras e audiovisuais, manuscritos e toda clase de textos e obxectos relacionados coa música, e localizar, recoller, conservar, analizar e difundir toda a documentación e información relacionada co Teatro e a Danza, para que poida mostrar a nosa riqueza creativa fora das nosas fronteiras.

Aproveitando as edificacións xa existentes onde poder recadar toda a documentación nun Directorio de Arquivos de Galicia , e se traballe nun Catálogo Xeral do Patrimonio Histórico Galego e que se poida consultar o listado de bens do Patrimonio histórico galego pola súa denominación, tipo ou réxime de protección. Na Biblioteca Virtual teríamos un conxunto organizado de coleccións de documentos dixitalizados do patrimonio bibliográfico galego, accesible a través da Internet.

En canto á Conservación e Restauración dos monumentos, sitios históricos, zonas arqueolóxicas e actuacións, axustaranse a un Plan Arquitectónico de Identidade Galega que sirva de enlace cos centros de estudos e a investigación, enfocado para a alta formación de profesionais do patrimonio e para estudantes universitarios ou investigadores. Tamén se terá en conta a Formación para xoves que desexen formarse nunhas profesións no ámbito da restauración do patrimonio, como poden ser: canteiros, forxadores, carpinteiros, ebanistas, pintores, escaiolistas... Farase a partir da creación dunha Escola de Artes e Oficios especializada no ámbito da conservación de monumentos e tamén na xestión sostible de visitantes nos ámbitos culturais ou a conservación e intervención nos bens mobles.

A creación artística e as súas industrias, as institucións culturais, o patrimonio histórico e o pensamento galego son o potencial dunha identidade para o exercicio da cidadanía. O que supón oportunidades para a creatividade e a innovación, e aporta ás persoas unhas posibilidades de crecemento tanto na calidade de vida como no benestar para o desenvolvemento dunha identidade propia da nosa sociedade. Debemos insistir na cultura como valor da identidade de Galicia. Somos un pobo orgulloso das nosas raíces, mais vangardista no seu talento, que é o que precisa unha sociedade aberta ao mundo, aproveitando os coñecementos adquiridos polos que conviviron noutros lugares e aprenderon desas culturas, sen transformar a nosa identidade cultural. Temos unha cultura milenaria que adaptouse a todas as tendencias e innovacións ao longo dos séculos, facendo delas como se fosen propias, mais conservando as nosas raíces. Saber innovar é saber crear e poder estar sempre á altura das circunstancias.

Entendemos que o mundo da cultura é un motor de crecemento para o noso desenvolvemento. E o futuro ten que vir da man da creatividade humana, do coñecemento, da investigación. A cultura é un motor económico de primeira magnitude e de creación de emprego. Temos que comprometernos cunha política activa para que poida ser factible. Debemos defender a cultura como identidade a partir da educación, poñendo o valor na creatividade, no coñecemento, no talento, na innovación a través da capacidade intelectual do pobo que nos mostra cunhas experiencias nas industrias culturais e creativas que hoxe sexa unha referencia para tamén abordar o social a través do cultural. É un tempo novo na

ciudadanía galega. A cultura non pode entenderse como un feito illado e temos que situalo no centro dun debate para a nova sociedade que entre todos e todas queremos construír.

**Somos conscientes de que quen interpreta o seu pasado, deseña o seu futuro.**

### Capítulo 3.7 Industria e Comercio

#### **Industria**

A industria en Galicia é totalmente insuficiente nas provincias do oeste, nas do leste é practicamente inexistente.

Sabemos que a riqueza dunha sociedade actual depende en gran maioría da súa industria, que debe ser variada e altamente cualificada.

As inversións en I+D+I son imprescindibles para acadar un bo tecido industrial, que debe ser de sectores variados para evitar así, situación de crise coma a actual, onde hai poboacións que teñen unha total dependencia a un sector, que no caso de ir mal, o que provoca unha situación de emerxencia social grave.

As industrias máis importante de Galicia son: O Naval, a industria enerxética ou a téxtil.

Os gobernos actual e anteriores, as medidas políticas concernentes a industria galega, foron e son, totalmente insuficientes.

Apostamos por un apoio total para as nosas industrias, con lexislación e tratados que favorezan os traballadores, e consoliden así a industria Galega.

Queremos unha industria que sexa respectable co medio ambiente, por iso defendemos as enerxías renovables, e queremos un goberno que loite polos intereses galegos e favoreza a estabilidade na industria actual, a mellora dos investimentos e non ser mais moeda de cambio, en contra dos intereses dos galegos e galegas, como así ten pasado, como exemplo no sector naval.

O Sector Naval, preocúpanos especialmente, xa que a crise destes últimos anos foi dunha gravidade descoñecida ata o momento. Precisamente isto propiciou a creación dun circulo sectorial de Podemos Naval, para a defensa deste sector a nivel nacional.

#### **Comercio e pequeno comercio**

O pequeno e mediano comercio é o que sofre as verdadeiras consecuencias desta crise. As políticas realizadas tanto a nivel estatal como a nivel Galego, prexudican gravemente o pequeno e mediano comercio, apostando polas grandes superficies, coas que é practicamente imposible construír.

A Federación Galega de Comercio calcula, que no último lustro han pechado en Galicia máis de 17.500 negocios.

Para solucionar isto, precisamos unha reforma legal completa, que contemple axudas, tanto de tipo económico, como loxístico ou de formación, para deter a caída en picado do pequeno e mediano comercio, que se nos fixamos nas estatísticas, son os grandes creadores de emprego.

(Segundo o INE, en concreto, mentres que as empresas unilocalizadas representan o 41.4% do comercio minorista, dan traballo ao 52% do sector. Pola contra, as grandes superficies, que representan o 15% do comercio polo miúdo dan emprego ao,8% dos traballadores totais.)

A defensa deste sector de minoristas é unha prioridade.

Debemos retomar as negociacións con países que fomenten o desenvolvemento multidisciplinario da nosa comunidade, a través de cámaras de comercio e entidades colaboradoras, para mellorar os sectores do tecido produtivo, entre os cales destacamos a xeito de exemplo, sector naval, pesqueiro e así influenciar turisticamente aos nosos socios.

Creación de programas de emprendedores para a cidadanía e dar saída ao exterior aos nosos produtos a través de convenios de exportación con socios.

Plan de acción de apoio ao pequeno e mediano comercio.

Xerar espazos coworking internacionais e multisectoriais, con socios para maior tecido empresarial. Estes son algúns dos puntos que queremos concretar e vimos traballando antes de que empezase este proceso, e proba diso é o contacto que manteremos co goberno de Uruguai no mes de Febreiro /Marzo, en Montevideo.

Está claro que empezar cos contactos é importante para enriquecer a nosa meta, que é, que Galicia siga sendo a comunidade mais produtiva e industrial, chegar a novembro con maioría de apoios internacionais, é clave para o noso triunfo.

### Capítulo 3.8 Medio Rural, agricultura e gandería

Os 24.874 km<sup>2</sup> que ocupa Galicia pódense dividir en dúas grandes áreas territoriais: por un lado o eixe atlántico, integrado polas zoas costeiras das provincias de A Coruña e Pontevedra; mentres que o outro está composto pola chamada Galicia Interior, que se caracteriza pola actividade agraria e a notoria tendencia o despoboamento, particularmente nas zonas de montaña das provincias de Lugo e Ourense, onde ademais existe unha gran dispersión da poboación.

A situación destas zoas é altamente preocupante, e, aínda que existen os informes onde se especifican os problemas e as medidas a tomar para solucionarlos, as políticas que se fan ata o momento non se adaptan a situación.

Galicia conta cunha ampla oferta formativa en materia agroforestal, tanto a nivel universitario como de formación profesional, pero para que os mozos e mozas se asentem no campo, este ten que ser rendible, e as políticas activas priman as grandes empresas, mentres que esquecen o produto tradicional galego.

O sector agroalimentario e forestal representa o 10,89% do emprego en Galicia, onde a gandería é o pilar fundamental, un referente económico e social.

Estes sectores caracterízanse polo envellecemento dos traballadores agrarios, e o seu baixo nivel formativo, polo que se o sector está moi atomizado e cunha baixa dimensión.

O análise do sector, móstranos que o sector depende de dous elementos substantivos, por un lado, constátase unha drástica redución do número de explotacións gandeiras nos últimos anos, e por outro, que a estrutura conformouse en torno a dúas realidades: por un lado, un grupo principal de explotacións industrializadas con dedicación íntegra, xeralmente dos sectores lácteo, porcino e avícola, con rentabilidades dependentes a factores externos a eles, coma a natureza especulativa do mercado de cereais, e por outro, creceu o número de traballadores, a tempo parcial con dedicación multifuncional, que comercializan os seus produtos a través de mercados locais. Na actualidade outros cultivos cobran crecente

importancia: pataca, hortícolas, flor e sector vinícola, maioritariamente vinculados a produción de calidade diferenciada.

No sector da industria forestal e silvicultura, Galicia lidera o sector en España, cunha superficie forestal de 2.000.000 ha. O 70% das empresas deste sector, aséntanse en poboacións pequenas, o que se converte nunha boa fonte para mellorar a poboación do medio rural.

Os incendios constitúen un dos maiores problemas ambientais, onde a prevención é a parte fundamental para que sector sobreviva.

Analizando todos estes datos, cremos necesario unha pronta inversión I+D+I no sector, xa que é un factor básico para a mellora da actividade, de produción e así facelo atractivo para as novas xeracións, fomentando a formación continua.

Outros dos problemas que atopamos é a especulación dos terreos da Galicia interior, na que as políticas necesarias para o sector non se levan a cabo, para priorizar a construción de grandes casas para unha pequena elite Galega.

A conclusión que se saca é un abandono total aos intereses da poboación, premiando outros, totalmente contrarios. Precisamos novas políticas para elevar estes sectores tan importante no conxunto de Galicia.

### Capítulo 3.9 Pesca e Marisqueo

Tendo en conta que a costa Galega conta con 1.498 km., é o lóxico que Galicia sexa unha das zoas de España con maior ámbito no sector da pesca e marisqueo.

Unhas 15.000 persoas, entre mariñeiros e empresarios, distribuídos nas 63 confrarías de pescadores que existen en Galicia, viven das actividades derivadas da costa e rías galegas.

Os datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no 2014, sitúa unha mingua de barcos pesqueiros de 2.4% respecto o ano anterior, e desa mingua, o 42.45% foron barcos galegos. Galicia posúe o 48% do total de barcos pesqueiros estatais, e triplica a segunda flota autonómica máis cuantiosa, que é Andalucía. Isto demostra a importancia deste sector para Galicia.

No sector marisqueiro, un dos sectores con máis persoas dadas de alta, e cunha actividade que comprende os traballos tanto a flote, como a pe, recollendo especies que teñen un gran valor culinario, tanto dentro da nosa comunidade como fora de ela, e que representa un importante medio de vida para as nosas e nosos mariscadores.

A riqueza das nosas rías, con infinidade de especies de alto valor, merecen un estudo profundo de cada especie e a zoa de explotación, para desenvolver planes de traballo en cada unha das zoas existentes, axustándoas e controlándoas para ter un óptimo desenvolvemento das especies e acade unha produtividade beneficiosa para os traballadores e traballadoras.

Precísase un consenso e traballar en común acordo, entre as confrarías de pescadores de cada zoa, xa que son os propios traballadores os máis interesados que as zoas de traballo sexan o máis produtiva posíbel.

Este proceder débese facer extensible tamén a flota de baixura da comunidade galega, que, debido os inxustos reaxustes feitos pola Comunidade Europea, en concepto de cotas, os máis prexudicados son os pescadores Galegos.

O cerco Galego recibiu o acordo sobre as cotas para o 2015, polo consello de ministros de pesca da UE, coa redución do 26% da cota do xurel no Cantábrico, e dun 15% tanto na caballa como na merluza de augas ibéricas. Isto pode levar a boa parte da flota galega o amarre definitivo. O reparto da UE nos deixa case sen posibilidades de pesca de dúas das nosas principais especies, o que hai que sumar o peche da peca da sardiña, que, unha vez aberta, nos permitirá capturar unha cota tamén pequena.

O representante da Asociación de Armadores de Cerco de Galicia (ACERGA) apuntou que as posibilidades de supervivencia do cerco son escasas con este reparto. "Temos dúas opcións: desprazarnos a augas do sur, onde a cota aumentou un 70%, o que implicaría un aumento considerable do gasto e unhas condicións de vida dos tripulantes moi malas, ou abandonar a actividade". Temos que ter moi presentes estas declaracións, e buscar unha forma de supervivencia do sector.

O reaxuste das cotas das capturas para a nosa flota, son fundamentais. Debemos acadar un aplicación da cota asumible por todas as flotas por igual, sen a discriminación actual cara a nosa flota, que leva os nosos pescadores a soportar un sobrecoste, a buscar outra actividade ou a amarre definitivo.

### Capítulo 3.10 Turismo

A verdade, pouco necesita unha terra como Galicia para que o mundo enteiro saiba da súa existencia, da súa historia e de todas as súas riquezas. Posúe características inigualables para un maior desenvolvemento do sector turístico, decimado polo cariz meramente industrial co que se cualificou sempre a nosa comunidade.

Vivimos nun canto do planeta privilexiado de moitas formas e temos o desexo de poder compartir con todo aquel que queira deixarse levar pola súa beleza, calidade e pola amabilidade dos nosos veciños, hai que mirar cara ao futuro, pero nunca deixando atrás os nosos costumes e tradicións.

Queremos o turismo, pero sempre, **Turismo Sostible**. É de suma importancia saber que o crecemento do turismo debe ir da ma coa conservación do medio ambiente, non tomar en conta a súa preservación a hora de emprender grandes proxectos turísticos é danarnos a nós mesmos.

Defendemos que hai que facer un turismo responsable, e que traballe xunto a todas as comunidades que teñan problemas de caza furtiva, contaminación de ríos, tala de árbores, animais e plantas en perigo de extinción. Nun ecosistema ben conservado, pódese realizar moitas actividades que van ligadas coa natureza

O turismo en Galicia poderíase dividir deste xeito:

**Turismo urbano:** Coidado, mantemento e creación de sitios de interese de cada cidade, potenciando a gastronomía propia de cada rexión e os seus costumes, e dándolle ao turista en cada cidade todas as facilidades para unha boa orientación e estadía.

**Turismo rural:** Posuír un clima variado, unhas paisaxes máxicas, diversidade de flora e fauna, arquitectura que nos deixe engaiolados, froitos, vexetais e animais de primeira liña, un verde feroso e entrañable, reunidos nun mesmo lugar, a verdade que non ten prezo, só hai que

buscar a forma de poder mostrar todo isto do xeito máis doado coa mellora do transporte para este propósito e crear unha conciencia cidadá sobre o turismo e a súa importancia.

**Turismo de mar:** Dirixido á beleza das nosas costas, as tradicións e a gastronomía de cada canto mariñeiro da nosa terra.

**Turismo gastronómico:** A diversidade e calidade dos nosos produtos, as nosas persoas, son de fama mundial, manteñamos ese nivel e tratemos de superarnos apoiando tanto o produto, coma futuras estrelas da cociña.

**Turismo histórico:** Recuperación, mantemento, estudo e información de cada monumento ou construción histórica de Galicia, crear conciencia dende os colexios sobre este tema, non se pode ir cara a diante sen saber de onde vimos atrás.

**Turismo de deportes e aventuras:** Recuperación de xogos antigos e realizar competencias a nivel municipal, creación de lugares que pola súa situación xeográfica se poida practicar algún tipo de deporte extremo e apoiar as existentes, coa máxima seguridade posible, fomentar o turismo de aventuras, que poden ser no bosque, nun castelo, nun pobo etc.

**Turismo de saúde:** Tanto, pola beleza das súas paisaxes, a calidade dos seus alimentos, augas termais, e moito máis, pódese crear un tipo de turismo dedicado á mellora física e mental das persoas.

**Turismo cultural:** Apoiar, incentivar e mostrar a nosa cultura debe de ser primordial, é o que máis valora un visitante.

**Turismo industrial:** Este novo e interesante mercado para marcas, autónomos, pequenas, medianas e macro empresas, que poden dar a coñecer as súas instalacións, a súa historia, os seus produtos, o seu traballo e tradición, converténdose nunha oportunidade para o crecemento económico para eles e a localidade onde se atope. Ademais permite a práctica dun desenvolvemento sostible e a garantía dunha maior protección sostible e a garantía dunha maior protección e seguridade dos visitantes nos espazos onde os cales ten lugar a actividade turística, favorecendo tamén a creación de emprego incorporando para estas actividades novo persoal especializado. En Galicia contamos cun gran potencial para explotar este tipo de turismo, tanto no ámbito naval, agrónomo, alimenticio e tradicional.

**Agro-ecoturismo:** Mostrar a vida rural ao turista dunha forma máis próxima e crear conciencia dunha alimentación sa e respectuosa co medio.

**Turismo por estacións do ano:** Sexa verán, inverno, primavera ou outono, Galicia sempre ten que brindar ao forasteiro toda serie de posibilidades de gozar das súas bondades. Especializando sectores por temporada.

**Turismo por idades:** Non todos os gustos son iguais así como as idades, pensar en cada xeración de persoas, os seus gustos e preferencias e crear un mercado turístico baseado niso. Á parte, creemos na posibilidade de crear unha ruta interna tipo o interrail europeo, onde se lle ofrezca ao turista facilidades de aloxamento e transporte, dunha forma segura e barata. Elaboración de paquetes turísticos completos e por áreas. Creación de Apps que faciliten todo tipo de información ao visitante este onde este. E que nas rúas ou prazas máis importantes se cre un ambiente musical tanto gravado como en vivo que remate de xerar no turista ese lazo que nos volva inesquecible.

### Capítulo 3.11 Xuventude

Na Constitución Española de 1978 atópase o valor fundamental que teñen os xoves para a sociedade, cando afirma no seu artigo 48 que “ Os poderes públicos promoverán as condicións de participación libre e eficaz da Xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural”. Este precepto fundaméntase no principio fundamental establecido no apartado 2 do artigo 9 do mesmo texto magno ao encomendar: “ Aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

No marco de crise económica actual e de valores fai que se deba impulsar desde o goberno da nosa Comunidade diversas actuacións que tenden a responder, dentro do marco das competencias da propia administración, dun xeito decidido ás demandas dos xoves. É dentro deste contexto onde se pode levar a cabo un Plan Integral de Xuventude, que nace como unha ferramenta de planificación para articular programas e accións concretas no ámbito da Xuventude, e que permitan ademais de aplicar a normativa na materia, senón aplicar os servizos e recursos xuvenís.

O Plan deseñárase tendo en conta as demandas que teñen os xoves no desenvolvemento dunha sociedade avanzada, na que eles son a base fundamental que sustenta o futuro da nosa Comunidade.

Por parte da administración vese a importancia do deseño dunhas políticas que asenten unas bases de actuación coordinada do goberno. Faise necesario a construción dun documento no que se plasme de forma concreta unha folia a seguir no desenvolvemento dunhas políticas para a Xuventude cun punto de vista integrador.

A Xuventude está nun cambio constante, polo que este Plan debe ser flexible para poder adaptalo esas situación que viven no día a día.

As demandas dos xoves actuais están centradas fundamentalmente no emprego, debido ás altas taxas de desemprego xuvenil. Debemos adoptar medidas decididas para axudar a solucionar este problema tan grave que teñen os nosos xoves galegos, e temos que fomentar a formación, incentivar aos xoves emprendedores e impulsar medidas para o emprego xuvenil. Os xoves necesitan o seu propio espazo para desenvolverse como tales, polo que debemos promover a súa emancipación cunhas políticas axeitadas, dado que a Xuventude ten un papel importante e destacado para formar parte dunha sociedade avanzada e con criterio propio.

Tanto a formación, o emprego como a súa emancipación son importantes, mais non debemos esquecer os seus espazos de ocio, cultura e deporte. Debemos promover unha oferta de ocio alternativo, o fomento de actividades físicas saudables, xunto có desenvolvemento de diferentes formas de expresión cultural deles que fagan posible o crecemento da súa propia identidade. Tamén debemos colaborar en que todos os xoves teñan un acceso fácil ás novas tecnoloxías. Para o que é imprescindible contar con eles, porque son os que mellor saben cales son as súas necesidades e teñen as iniciativas e coñecen as súas propias inquietudes.

É preciso que a actitude da administración evolucione coas demandas dunha sociedade do século XXI, adaptándose ás actuacións que leven a concienciar sobre os aspectos de saúde pública, para combater algún dos problemas que lles poden afectar como poden ser o

consumo de drogas ou de alcohol. Tamén hai que ter en conta a concienciación dunha educación sexual axeitada e dunha educación en igualdade, rexeitando a violencia. Debemos sensibilizar nas medidas de apoio á integración, combater a exclusión social dos xoves con discapacidade e fomentar unha verdadeira vocación de servizo á sociedade da que eles forman parte, e apoiando o carácter multicultural ao que debe tender a nosa sociedade do futuro.

Outro dos aspectos a tratar sería a promoción e o coidado do medio ambiente entre os propios xoves. Son eles os que deben tomar as iniciativas e as actuacións de cara á protección do noso planeta e deben ser os abandeirados deste tipo de políticas e dunha cultura cívica que debemos desenvolver e concienciar de que o coidado do medio, dun xeito ecolóxico e sostible, é máis que necesario.

Para o acercamento ao mundo xuvenil é necesario a promoción e a creación de asociacións nas que sexan eles o principal vehículo e motor de integración social e que facilite a comunicación entre eles e a administración, pero dun xeito efectivo e que non sexan só palabras nuns documentos administrativos, unhas firmas sen valor e compromiso, senón que sirvan para un acercamento efectivo e para a promoción dos nosos xoves coas súas inquiredanzas.

**Non debemos esquecer que son os nosos xoves o mellor e máis valioso capital para o noso futuro.**

### Capítulo 3.12 Relacións Internacionais


No equipo que representamos, cremos que as relacións cos nosos veciños deben ser cualificadas e tratar de ter os socios mais fiables do mercado industrial, Turístico, Cultural e comercial. Dende hai anos as negociacións coa Eurorexion seguiu o ritmo da crise e en lugar de favorecer os convenios, debilitou estes, chegando ao punto de xerar perdas cuantiosas á nosa comunidade. Non falamos de perder vínculos coa Eurorexion, pero si xerar novos socios. Estes están claramente identificados, en Galicia o noso maior poder industrial esta no sector pesqueiro e naval, polo cal as nosas miradas se asoman aos países do Mercosur, que nos últimos anos gañaron o mercado industrial, chegando a ser os países en desenvolvemento mellor valorados. Falamos de vínculos comerciais con Uruguai, Brasil, Chile, etc.

Estes países ademais do desenvolvemento que veñen explorando, teñen un vínculo hermandado con Galicia, debido a grande inmigración dende os anos 1950. Tomamos contacto con países como Uruguai, que xa mostran interese, nunha alianza comercial coa nosa comunidade a nivel Industrial, Cultural e Turístico, o cal nos abre paso dun gran mercado como é o Mercosur. Para iso debemos ter claro cuales son as prioridades da nosa comunidade e desgraciadamente o emprego é a maior prioridade, iso lévanos a xerar convenios que xeren traballo dende o primeiro día. No noso equipo cremos que se as alianzas cos nosos socios xeran traballo, é unha forma de recuperar o consumo da sociedade e garante o movemento do mercado, aínda que esta sexa unha alianza, que non xere riqueza ás arcas da nosa comunidade, poderemos dar alivio a moitas familias.

Tamén no sector turístico, cremos que dado o vínculo da inmigración debemos xerar programas de acollemento familiar, intercambios turísticos e xerar marca Galicia para xerar riqueza a través destes medios. Para o apartado Cultura adiantamos programacións de



intercambio Cultural con asociacións e casas culturais de Galicia nestes países e cos gobernos locais, para representacións con fins de acercamento cultural aos galegos no exterior e os nativos de países socios en Galicia. Estes programas xa existen entre os países do Mercosur, polo cal o sistema de integración sería inmediato e xeraría ademais da satisfacción aos naturais dos países do acordo, un grande incentivo institucional para os artistas.



## Bloque II. Modelo Organizativo para Galicia

### Titulo 1. Órganos Autonómicos

#### Capítulo 1 A Asemblea Cidadá

##### Artigo 1. Definición

A Asemblea Cidadá Autonómica é o órgano de decisión de Podemos nas competencias autonómicas recoñecidas polo documento organizativo estatal. A Asemblea Cidadá Autonómica exerce as súas funcións de xeito continuo e participan nesa toma de decisións todos os inscritos de Podemos na Comunidade Autónoma. As canles de participación na Asemblea Cidadá Autonómica son os mesmos que para a Asemblea Cidadá Estatal.

##### Artigo 2. Obxecto

A Asemblea Cidadá Autonómica deberá ser consultada con carácter preceptivo para todas as decisións de relevancia (liñas estratéxicas, composición de listas electorais, elaboración de programas, elección ou revogación dos membros dos órganos, aprobación ou rexeitamento de calquera tipo de pacto pre ou post electoral, modificación de estatutos, etc.) respectando sempre o marco aprobado pola Asemblea Cidadá Estatal, en particular ao que refire ás súas competencias exclusivas.

Ademais a Asemblea Cidadá poderá ser convocada con carácter permanente e vinculante respecto a calquera asunto que se considere de especial relevancia.

##### Artigo 3. Competencias exclusivas e intransferibles das Asembleas Cidadás Territoriais.

1. Determinar a forma na que se traducirán os principios programáticos do programa de Podemos ao territorio.
2. Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas e cidadás, as listas electorais para optar a cargos públicos(dende o primeiro ata o último candidato da lista) para as institucións de representación da súa respectiva orde territorial.
3. Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza pre ou post electoral para as institucións de representación desa orde territorial, sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados por Asembleas de orde superior.
4. Aprobar os programas electorais definitivos (tras un proceso de elaboración participativa e o preceptivo informe de viabilidade económica) sempre de forma suxeita a os principios xerais aprobados por Asembleas de orde superior.
5. Elixir un Consello Cidadán para o territorio, mediante un sistema de listas abertas corrixido con criterios de xénero. O Consello Cidadán do territorio é o máximo órgano do partido entre Asembleas Cidadás Territoriais.
6. Revogar calquera dos membros do Consello Cidadán Territorial.
7. Definir as funcións do Consello Cidadán Territorial.
8. Elixir e revogar ao/á Secretario/a Xeneral no territorio mediante un sistema electoral de voto directo e definir as funcións.

9. Elixir e revogar o Comité de Garantías Democráticas ou calquera dos seus membros no caso das Asembleas Cidadás Autonómicas.
10. Aprobar os regulamentos organizativos territoriais e as súas modificacións.
11. Definir as funcións e a forma de coordinación cos Círculos Sectoriais e de ámbito territorial menor ao municipio, en caso de que existan.
12. Definir as funcións e a forma de coordinación con Asembleas/Consellos Cidadás doutros territorios

#### Artigo 4. Mecanismos para convocar as Asembleas Cidadás Territoriais.

a) A Asemblea Cidadá será convocada con carácter automático para calquera dos asuntos referentes ás competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá. A organización técnica do proceso correspóndelle ao Consello Cidadán.

b) Con carácter permanente, respecto a calquera outro asunto que se considere relevante:

Poderá convocar unha Consulta Cidadá con carácter vinculante (ao conxunto dos inscritos no municipio):

1. O/a Secretario/a Xeral.

2. Maioría simple do Consello Cidadán desa orde territorial ou superior.

3. Un 20% dos inscritos en Podemos ou un 20% dos Círculos validados nese territorio.

Poderá convocar unha Consulta Revogatoria con carácter vinculante (ao conxunto dos inscritos):

1. O/a Secretario/a Xeral.

2. Maioría absoluta do Consello Cidadán Estatal ou dese territorio ou superior.

3. Un 25% dos inscritos en Podemos ou un 25% dos Círculos validados nese territorio.

Poderá convocar unha Asemblea Cidadá Extraordinaria (presencial):

1. O/a Secretario/a Xeral.

2. Maioría cualificada de 3/5 do Consello Cidadán desa orde territorial ou superior.

3. Un 35% dos inscritos en Podemos ou un 35% dos Círculos validados.

En caso de inicio dun procedemento de consulta por parte do corpo de electores, elixirase a un relatorio da Consulta/Asemblea Extraordinaria que deberá garantir que a proposta de debate estea avalada por polo menos dous técnicos cualificados na materia.

#### Artigo 5. Asemblea Cidadá Autonómica (Ordinaria ou Extraordinaria)

Para a modificación substancial dos regulamentos organizativos territoriais e a elección completa dos órganos de dirección, será necesaria a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Territorial (Municipal ou Autonómica) Ordinaria ou Extraordinaria que incluírá momentos de deliberación presencial.

En ningún caso poderán transcorrer máis de tres anos entre Asembleas Cidadás Autonómica. Unha vez transcorrido este prazo, a Asemblea Cidadá Autonómica convocarase con carácter automático. A organización técnica do proceso corresponderalle ao Consello Cidadán Autonómico. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia. A Asemblea convocada por este procedemento denominarase Asemblea Cidadá Autonómica Ordinaria. En calquera momento, segundo os mecanismos establecidos no artigo

anterior, poderá convocarse unha Asemblea Cidadá Autonómica Extraordinaria coas mesmas competencias. En ningún caso poderá transcorrer menos dun ano entre Asembleas Cidadás Territoriais Extraordinarias.

#### Artigo 6. Requisitos extraordinarios para os procedementos decisorios da Asemblea Cidadá Autonómica.

As Asemblea Cidadá Autonómica só poderán adoptar decisións en torno ás materias dasúa exclusiva competencia e aquelas de especial transcendencia se o proceso de votación cumpre cos seguintes requisitos:

- Un quórum mínimo do 10% dos inscritos de Podemos no territorio.
- Un proceso de votación, que será necesariamente telemática, cos debidos requisitos de anuncio, exposición pública do caso e debate que conte cun período de votación abondo.
- Nestes procesos de votación só poderán participar os inscritos de Podemos do ámbito territorial da correspondente Asemblea Cidadá.

De non lograr superar estes requisitos, a Asemblea e o Consello Cidadán Autonómico só poderán seguir adiante coa decisión logo de consulta ao Consello Cidadán Autonómico de ámbito inmediatamente superior e a aprobación desta en Asemblea Cidadá (presencial) Ordinaria.

### **Capítulo 2. O Consello Cidadán Autonómico**

#### Artigo 7. Composición do Concello Cidadá Autonómico

O Consello Cidadán Autonómico é o órgano de dirección política de Podemos con funcións executivas. As tarefas executivas cotiás serán desenvolvidas, no marco das súas respectivas responsabilidades, polas distintas áreas das que se compoña o Consello Cidadán. É responsabilidade do/a Secretario/a Xeneral garantir, no desenvolvemento cotián, a coordinación entre as distintas áreas executivas.

A composición do Consello Cidadán Municipal será:

- O/a Secretario/a Xeneral será membro nato do Consello Cidadán e presidirá as súas reunións.
- 34 membros electos directamente pola Asemblea Cidadá cun criterio de corrección de xénero.

#### Artigo 8. Competencias do Concello Cidadá.

1. Desenvolver con funcións executivas as decisións aprobadas pola Asemblea Cidadá e aquelas conducentes a desenvolver a liña política de Podemos no territorio.
2. Convocar á Asemblea Cidadá do ámbito territorial correspondente tanto par todas as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta, segundo o establecido no apartado "Asembleas Cidadás Territoriais".
3. Convocar, para cuestións de especial transcendencia, se o considera oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.

4. Aprobar o presuposto e a rendición de contas de cada exercicio (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).

5. Aprobar os presupostos das campañas electorais e das actividades específicas do territorio para campañas de nivel estatal ou territorial.

#### Artigo 9. Mecanismos para convocar o Consello Cidadá Autonómico.

O Consello Cidadán Autonómico poderán ser convocados en calquera momento:

a) Por proposta do/a Secretario/a Xeral.

b) A petición do 25% do Consello Cidadán Territorial.

c) A petición de 10% dos inscritos en Podemos ou do 10% dos Círculos desa orde territorial.

En ningún caso poderán transcorrer máis de tres meses entre dúas reunións plenarias do Consello Cidadán Autonómico. O/a Secretario/a Autonómico terá a obriga de convocar o Consello Cidadán Autonómico antes de que transcorra ese prazo

#### Artigo 10. Funcionamento do Consello Cidadá Autonómico

O Consello se organizará por Áreas cada unha das cales contará cun Responsable de Área.

As áreas son, como mínimo:

- Estratexia e campañas.
- Análise social e política.
- Estudos e programa.
- Extensión, organización territorial e Círculos.
- Relación coa sociedade civil e movementos sociais.
- Participación.
- Redes.
- Prensa.
- Anticorrupción, xustiza e xestión pública.
- Dereitos sociais: educación, sanidade e vivenda.
- Formación e cultura.
- Muller e Igualdade.
- Xuventude.
- Economía.
- Ecoloxía e medio ambiente.
- Relacións Internacionais.
- Financiamento e transparencia.
- Agricultura e Pesca
- Medio Rural
- Normalización Lingüística

Os Responsables de Área terán a tarefa de compoñer equipos que garantan a eficacia executiva do seu traballo.

O Consello Cidadán elaborará, por maioría simple, o seu propio regulamento de funcionamento interno (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).

### Artigo 11. Elección do Concello Cidadá Autonómico

Os 34 membros restantes elixíranse por un sistema de listas abertas (non necesariamente completas). Cada elector/a poderá mostrar tantas preferencias (non ordenadas) como postos a elixir. Serán membros do Consello Cidadán as 34 persoas máis votadas, introducindo un criterio de paridade de xénero.

O seu mandato terá unha duración de tres anos. Os 34 membros do Consello Cidadán Autonómico poderán ser revogados mediante un referendo. Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o mandato dun integrante do Consello Cidadán Autonómico será necesario achegar o aval dun 20% dos inscritos en Podemos ou un 25% dos Círculos validados no municipio. O Consello Cidadán Autonómico, actuando de xeito colexiado, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación que terá que levarse a cabo sobre o mesmo corpo electoral que elixiu o membro do Consello. Os referendos revogatorios sempre serán de carácter individual.

En ningún caso poderá celebrarse máis dun revogatorio no período dun mandato. En ningún caso poderá transcorrer menos de 1 ano dende o nomeamento para a consulta dun revogatorio.

## **Capítulo 3. A Secretaría Xeral Autonómica**

### Artigo 12. Competencias

Serán competencias do/a Secretario/a Xeral Autonómico:

- É o/a responsable da representación política e institucional do partido nese territorio.
- Convocar á Asemblea Cidadá do correspondente ámbito territorial, tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas, como para calquera outra consulta segundo o establecido no apartado de "Asembleas Cidadás Territoriais".
- Convocar, para cuestións de especial transcendencia, se o considera oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.

### Artigo 13. Elección do/a Secretario/a Xeral Autonómico.

O/a Secretario/a Municipal será elixido/a por todos os membros de Podemos no municipal, mediante sufraxio libre e directo durante o transcurso da respectiva Asemblea Cidadá Municipal. Garantírase o dereito ao voto presencial e telemática.

### Artigo 14. Consello de Coordinación

O Consello de Coordinación é o equipo no que se apoia o/a Secretario/a Xeral para realizar as súas tarefas, tanto de carácter público como de coordinación interna.

Estará composto por 7 persoas fixas, e 3 de carácter temporal, estes últimos serán especialistas dos temas a tratar. Todos os membros serán elixidas polo Consello Cidadán a proposta do Secretario/a Xeral.

O Consello de Coordinación organizarase internamente nas Secretarías establecidas polo Consello Cidadán a proposta do Secretario/a Xeral.

Os membros do Consello de Coordinación poderán ser revogados polo/a Secretario/a Xeral, por maioría absoluta do Consello Cidadán ou pola Asemblea Cidadá mediante un referéndum.

## Capítulo 4. Órganos Intermedios en Galicia. As Deputacións.

Galicia consta de 4 Deputacións, unha por provincia, quedando así:

- Deputación da Coruña
- Deputación de Lugo
- Deputación de Pontevedra
- Deputación de Ourense

As competencias destes órganos veñen dadas pola “ Ley 8/1989, de 15 de junio, de delimitación y coordinación de las competencias de las Diputaciones Provinciales de Galicia.

Dí o seguinte:

“TÍTULO PRIMERO

### **Delimitación de competencias**

#### **Art. 3.**

1. Son competencias propias de las Diputaciones Provinciales las establecidas con arreglo a lo dispuesto en la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, y en todo caso las siguientes:

- a) La coordinación de los servicios municipales entre si para la garantía de la prestación integral y adecuada a la que se refiere el apartado a) del número 2 del artículo 31 de la Ley 3/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local.
- b) La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Ayuntamientos, especialmente a los de menor capacidad económica de gestión.
- c) La prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal, y, en su caso, supracomarcal.
- d) En general, el fomento y la administración de los intereses peculiares de la provincia.

2. En el ejercicio de las competencias que corresponden a la Comunidad Autónoma y en desarrollo de la Ley 7/1985, de 2 de abril, las Leyes de Galicia, reguladoras de los distintos sectores de la acción pública, delimitarán como competencias propias de las Diputaciones las que se consideren indispensables para la gestión de los intereses provinciales.

#### **Art. 4.**

1. Corresponden a la Comunidad Autónoma todas las competencias que le reconocen la Constitución y el Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Las Leyes de Galicia reguladoras de los distintos sectores de acción pública delimitarán el campo de actuación de las Diputaciones Provinciales, asegurándoles el derecho de intervenir en cuantos asuntos afecten directamente a su círculo de intereses.

#### **Art. 5.**

1. Las Leyes de Galicia que regulen los diferentes sectores de la acción pública preveerán el correspondiente traspaso de los medios y servicios personales, técnicos y financieros a través de la constitución de una Comisión Mixta. Dicha Comisión, paritaria en su composición, adoptará sus acuerdos por unanimidad. Si ésta no se alcanza, la Junta de Galicia formulará la correspondiente propuesta, a la que se adjuntarán las discrepancias planteadas en la

Comisión, al Parlamento, que determinará los servicios y medios objeto de traspaso y su valoración.

2. La Junta de Galicia aprobará los correspondientes Decretos de traspaso, de conformidad con el acuerdo de la Comisión o, en su caso con la decisión del Parlamento.”

Para coordinar estas áreas se nombrará a un membro do Concello Cidadá Autonómico por cada Deputación.

## Título II. Os círculos Sectoriais Autonómicos

### Capítulo 1. Obxecto

Artigo 15. O ámbito autonómico e o principio de non duplicidade entre Círculos.

Acorde co principio de non duplicidade entre Círculos, o único carácter posible dun Círculo Autonómico é de natureza sectorial. Doutro modo, o solapamento territorial xeraría unha xerarquía contraria á horizontalidade entre Círculos.

Artigo 16. Definición de Círculo sectorial autonómico. Os Círculos sectoriais autonómicos son unha agrupación voluntaria e aberta no que converxen persoas interesadas por unha transformación social sustentada no respecto pola democracia, a dignidade e os dereitos humanos, cuxo ámbito de actuación se restrinxe a unha Comunidade Autónoma sobre unha área de interese particular de especificidade territorial ou institucional.

### Capítulo 2. Competencias

Artigo 17. Convocar consultas ás Asembleas Cidadás.

Os Círculos sectoriais autonómicos poderán convocar consultas á Asemblea Cidadá de calquera ámbito territorial mediante o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta escrita avalada por polo menos tres técnicos cualificados na materia.
2. Aprobación da proposta por maioría cualificada de 3/5 do círculo sectorial.
3. Aval á proposta dun 20% dos Círculos validados ou un 20% da afiliación correspondente ao ámbito territorial do que se trate.

Artigo 18. Convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns

Os Círculos Sectoriais poderán convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns mediante o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta escrita avalada por polo menos dous técnicos cualificados na materia.
2. Aprobación da proposta por maioría simple do Círculo Sectorial.
3. Aval á proposta dun 10% dos Círculos validados ou un 10% dos inscritos correspondente ao ámbito territorial do Consello Cidadán.



### Título III. Outros círculos territoriais

A propia xeografía de Galicia, propicia a creación de círculos territoriais distintos do municipal ou autonómico.

#### Artigo 19. Os comarcais

As comarcas naturais de Galicia pode propiciar a creación de círculos comarcais, pero acorde co principio de non duplicidade entre Círculos, o único carácter posible dun Círculo territorial é autonómico ou municipal.

Só poderán existir grupos de traballo, de carácter comarcal, dependentes do círculo municipal máis preto, onde se teña a atención hospitalaria máis próxima, respectando as comarcas naturais Galegas.

#### Artigo 20. Os Provinciais

Polo principio de non duplicidade, non poderá existir círculo Provincial, atendendo as necesidades da Provincia dende o Consello Cidadá Autonómico.

